

PORQUE A RECUPERACIÓN DA RÍA E A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO NON PODEN AGARDAR MÁIS... APOIEMOS A MARCHA CONTRA CELULOSAS

As confrarías só reclamamos respecto e consideración ó traballo dos seus socios e ó medio onde se desenvolve, que está sendo destruído de forma sistemática co beneplácito da clase política e os gobernantes de turno.

Carmen Vázquez. Patroa maior da Confraría de Lourizán.

A presenza de ENCE-ELNOSA na Ría constitúe unha aldraxe, un atentado que desfigurou a paisaxe natural do seu ámbito, mais confío unha vez desaparecida esta barreira, en que a natureza recupere o que foi de seu.

Enrique Barreiro. Arquitecto.

Devezo por ver desaparecer a fábrica substituída pola beleza orixinal da paisaxe, e pola fecundidade da ría, das hortas e da vida humana en saúde. Poderei eu aínda chegar a vela desaparecer como a vin nacer? Iso quixera, pero temos que darnos presa!

Engracia Vidal. Secretaria da Asociación Encrucillada.

Que mal cheira!... é do castigo que lle meteron á ría, por bonita; por moitas luces de neón coas que vistan á fábrica, segue a cheirar.

Fina Casalderrey. Escritora.

Nos sufrimos o erro de ter que soportar os riscos e molestias destas industrias, mais ese erro ou condena ten unha data de remate e de ningún xeito pode converterse nunha cadea perpetua.

Fernando Filgueira Iglesias. Médico.

Pontevedra e a súa ría exemplifican a mellor definición da vulneración da paisaxe como construción cultural da natureza e modelizan a ruptura da súa conciencia histórica tanto como a de calquera identidade que debería velar non só polo mínimo equilibrio mediambiental senón tamén polo respecto á condición humana.

Antón Castro. Crítico de arte.

Teño un soño de futuro... pero a fábrica de celulosas, coas súas chemineas botando fume, cos seus restos contaminado a nosa ría, SEGUE AÍ!.

Tareixa Alonso. Colectivo PavísPavós.

...rogamos encarecidamente bondadosamente empujados por la indeleble talladura del amor el cese total rotundo de ese peligroso y sucio tejemaneje que afea y empobrece la salud de las vidas humana animal vegetal que transitan nuestro único mundo amén.

Celso Bugallo. Actor.

**marcha contra celulosas
sábado, 5 de xuño
saída ás 19:30 das alamedas de Marín e Pontevedra**